

# LETRAS GALEGAS 2013

IES SAN TOMÉ DE FREIXEIRO

DEPARTAMENTO DE LINGUA GALEGA E LITERATURA & EDLG

## V CERTAME XOSÉ MANUEL ENRÍQUEZ

### BASES XERAIS

- No concurso –en calquera das súas modalidades– poderán participar só os alumnos do IES San Tomé de Freixeiro.
- Os traballos presentados deberán ser orixinais. De detectarse algunha anomalía ou incumprimento quedarían automaticamente excluídos.
- Estarán elaborados en lingua galega.
- Os traballos premiados estarán a disposición do centro para a súa difusión.
- Os traballos literarios deberán ser redactados en formato \*.doc e o autor deberá gardar copia informática por se procede á súa publicación por calquera medio.
- Os traballos non galardoados serán devoltos ós autores.
- Co fin de garantir a imparcialidade, os traballos non poderán revelar a identidade do autor, polo que deberán ser entregados xunto cun sobre cerrado no que se introducirá un papel no que figuren o título da obra, o nome e apelidos do autor e o curso ó que pertence.

### MODALIDADES

1. **Narrativa:** relato breve cunha extensión máxima de 4 páxinas en formato DIN A4, fonte Times New Roman, tamaño 12 e con entreliña 1,5 .
2. **Poesía:** cada participante poderá presentar ata un máximo de dous poemas.
3. **Banda deseñada:** un cómic cunha extensión máxima de 10 páxinas en formato DIN A4 sen incluír a portada.
4. **Cartel conmemorativo** do Día das Letras Galegas: no cartel deberán figurar os lemas: (DÍA DAS) LETRAS GALEGAS 2013, ROBERTO VIDAL BOLAÑO e IES SAN TOMÉ DE FREIXEIRO na distribución que se considere apropiada e terá como tema a figura de Vidal Bolaño. Os carteis presentaranse en DIN A4 e poderanse empregar diferentes técnicas sempre que non supoñan unha fácil degradación da ilustración.

### DATA E LUGAR DE ENTREGA

Admitiranse entregas ata o venres **28 de abril**. Os traballos deberán ser entregados ós profesores de lingua galega e literatura.

### XURADO

Estará formado por profesorado de varios departamentos, atendendo á natureza da modalidade do traballo.

### PREMIOS

O xurado poderá decidir o outorgamento dun máximo de **dous premios por modalidade**.

Establécense premios diferenciados: un para 1º ciclo de ESO e outro para 2º ciclo de ESO e bacharelato.

Se nalgunha categoría os traballos presentados non reunisen o mínimo de calidade requirida a xuízo dos membros do xurado, o premio poderá ser declarado “deserto” nesa modalidade.

### ENTREGA DE PREMIOS

Os premios serán entregados no paraninfo do centro ó redor do 17 de maio. A data exacta anunciarase coa debida antelación.

Vigo, 26 de febreiro de 2013